



REGULAMENTO

XERAL CIRCUITO TRAIL GALAICA 2017

TRAIL GALAICA

Sera por Monte

CIRCUITO GALEGO DE CARREIRAS DE MONTAÑA

PRESENTACIÓN

Trail Galaica é un circuito de “carreiras de montaña” que se realizará no ano 2017 a partir do mes de febreiro nos montes galegos. Tratará de ensalzar, a partir dunha actividade deportiva denominada “Trail Running”, os montes galegos e poñelos en sintonía cos deportistas que participen no circuito.

Acunando o lema de *Sera por Monte*, trail galaica trata de resaltar a nosa Galiza como unha das comunidades autónomas con máis montaña onde case todos os concellos posúen unha montaña emblemática, un outeiro ou unha peneda.

ARTIGO 1. CALENDARIO DE PROBAS E CIRCUITOS

O seguinte calendario non é definitivo. Poderá sufrir algunha variación nas distancias e na data final ou nalgunha nova sede en datas posteriores as expostas a continuación:

DATA	PROBA	MODALIDADE
26 DE FEBREIRO	TRAIL GALAICA AMES	MINI TRAIL (14 KM) E TRAIL (24 KM)
19 DE MARZO	TRAIL GALAICA MUROS	TRAIL (22 KM) E TRAIL LONGO (38 KM)
7 DE MAIO	TRAIL GALAICA A POBRA	TRAIL (23 KM)
11 DE XUÑO	TRAIL GALAICA A BAÑA	TRAIL (24KM)
30 DE XULLO	TRAIL GALAICA NOCTURNA BOBORÁS	TRAIL (18KM)
24 DE SETEMBRO	TRAIL GALAICA RIBEIRA SACRA	MINI TRAIL (16KM) E TRAIL (25KM)

A ficha técnica definitiva de cada trail do circuito será exposta nos días previos na páxina web www.trailgalaica.com

ARTIGO 2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

As categorías establecidas para o circuito TRAIL GALAICA 2017, serán as seguintes:

DATA	DATAS DE NACEMENTO
SENIOR	De 18 anos cumpridos o día da proba ata veteranos
VETERANOS 1	Nados entre 1977 e 1982
VETERANOS 2	Nados entre 1968 e 1976
VETERANOS 3	Badis en 1967 e anteriores
VETERANAS 1	Nadas entre 1972 e 1982
VETERANAS 2	Nadas en 1971 e anteriores
ABSOLUTA	Calquera das categorías anterior



REGULAMENTO XERAL CIRCUITO TRAIL GALAICA 2017

TRAIL GALAICA

Sora por Monte

CIRCUITO GALEGO DE CARREIRAS DE MONTAÑA

ARTIGO 3. PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Neste circuito poderá participar calquer deportista maior de 18 anos ou con 18 anos cumpridos o día da proba na que desexe participar. Todos os participantes inscritos nos prazos precisos correrán cunha licenza de día que incluírá un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. As probas estarán federadas en atletismo, polo cal os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licencia. Para o resto de participantes a organización contratará un seguro de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos. A organización dotará en cada proba dos servizos sanitarios estipulados por ley.

A inscrición **INDIVIDUAL** no circuito farase a través da páxina web www.trailgalaica.com

A mesma poderá ser:

MODALIDADE DE CIRCUITO

Inscribíndose a esta modalidade participarase nas clasificacións e premiacións finais do circuito e tamén na clasificación e premiación de cada proba do circuito na que se participe. Para elo deberase formalizar a inscrición na modalidade de circuito durante o transcurso das 2 primeiras probas de 2 xeitos posibles:

INSCRIPCIÓN EN TODAS AS PROBAS DO CIRCUITO: aproveitando a oferta económica especial pola cal quedarase inscrito a todas as probas pertencentes ao circuito Trail Galaica 2017 independentemente das que se participe. Isto só se ofertará na primeira proba do circuito.

INSCRIPCIÓN EN CADA PROBA: farase durante o transcurso das dúas primeiras probas do circuito marcando a opción na inscrición de “PARTICIPO EN CIRCUITO” aboando o prezo de cada proba sen descontos.

INDIVIDUAL

Inscribíndose só nas probas individualmente sen articipar “EN CIRCUITO” e tomando parte na clasificación e premiación de cada proba en particular.

A participación por EQUIPOS / CLUBES no circuito será do seguinte xeito:

Os equipos terán que estar formados por un mínimo de 5 compoñentes **INSCRITOS NA MODALIDADE DE CIRCUITO**; deberán formalizar a súa inscrición co mesmo nome de equipo, requisito imprescindible (non é obrigatorio que sexan equipos federados).

ARTIGO 4. PREZOS DA/S INSCRIPCIÓNS

Estableceranse os seguintes prezos xerais de inscrición nas 6 probas do circuito:

MODALIDADE	PREZO
MINI TRAIL	10€
TRAIL	15€
TRAIL LONGO	25€

CIRCUITO COMPLETO 70€

O abono dos 70 € para as 6 probas do circuito farase por transferencia bancaria. Terán que escribir un em@il ao correo info@trailgalaica.com onde se lle informará dos pasos a seguir. A oferta inclúe a inscrición de 15 € (aforro de 20 € en 6 probas) No caso de apuntarse a un minitrail efectuaremos unha devolución de 5 €. No caso de apuntarse a un trail longo terá que aboar 10 € a maiores no mesmo número de conta. Por defecto quedarán inscritos á proba de 15,00 €. No caso de querer participar noutra deberá comunicalo no em@il de organización info@trailgalaica.com



REGULAMENTO XERAL CIRCUITO TRAIL GALAICA 201

TRAIL GALAICA

Sora por Monte

CIRCUITO GALEGO DE CARREIRAS DE MONTAÑA

ARTIGO 5. CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

Todas as probas estarán debidamente sinalizadas e terán as seguintes características:

- **Distancias entre 15 e 40 km** (Mini Trail, Trail e Trail Longo) dependendo de cada proba. Sempre que haxa una distancia longa, habrá a variante denominada "trail ou mini-trail" cun percorrido de entre 15 e 20 km aprox. (poderá ser un pouco menor ou maior con pouca desviación nestas distancias).
- **Servizo de fisioterapia** en cada proba.
- **Duchas e vestiarios** en cada proba.
- **Servicios médicos obrigatorios.**
- **Agasallo** técnico organizativo.
- **Avituallamentos líquido e sólido** en puntos intermedios e meta.
- Sistema de **cronometraxe por chip** con clasificacións en directo.

ARTIGO 6. SISTEMA DE CLASIFICACIÓN

En cada proba do circuito realizarase unha clasificación xeral da proba por orde natural de chegada a liña de meta. Tamén realizarase unha clasificación por categorías e sexo de onde se extraerán as premiacións de cada proba segundo as publicadas no presente regulamento.

A maiores todos os participantes na modalidade de circuito sumarán un determinado número de puntos segundo o sistema de clasificación exposto a continuación:



O primeiro posto asignarásenlle 100 puntos. A partir de ahí restarase de 2 en 2 puntos ate chegar á puntuación mínima de 2 puntos que se aplicará só coa participación na proba.

As puntuacións de circuito faranse separando homes de mulleres, de xeito que a primeira muller e o primeiro home en entrar en meta obterán 100 puntos independentemente do seu posto na clasificación xeral da proba. Só se terán en conta os participantes en circuito, non tendo en conta os da clasificación xeral da proba.

A clasificación segundo a distancia do trail aplicarase do seguinte xeito:

MINI TRAIL	Puntuación obtida dividada entre 2
TRAIL	Puntuación normal
TRAIL LONGO	Puntuación obtida multiplicada por 2



REGULAMENTO XERAL CIRCUITO TRAIL GALAICA 201

TRAIL GALAICA

Socia por Monte

CIRCUITO GALEGO DE CARREIRAS DE MONTAÑA

Ao remate do circuito, celebrarase unha GALA nalgún dos Concellos anfitrións, onde se darán os premios finais ao circuito e onde se tomarán como referencia as seguintes variables para facer a clasificación final do circuito:

- Número de participacións: para entrar nesta premiación final deberase ter participado alo menos en 5 probas do circuito, collendo como referencia as mellores puntuacións obtidas en ditas probas.
- Repartiranse premios individuais á categoría absoluta e a todas as categorías establecidas no presente reglamento, tanto en homes como mulleres (premios non acumulativos) e outros agasallos.
- En caso de empate terase en conta os seguintes criterios:
- Mellores postos obtidos nas clasificación das diferentes probas do circuito.
- Número de participación xerais.
- Para a clasificación por equipos, premiaranse aos 3 mellores equipos do circuito, podendo ser estes masculinos, femeninos ou mixtos. Sumaranse as 4 mellores puntuacións dos seus 4 mellores compoñentes.
- **OS AGASALLOS FINAIS CONSISTIRÁN EN TROFEOS E VALES EN MATERIAL DEPORTIVO.**

ARTIGO 7. PRESERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA COAS NORMAS DE TRÁFICO

PRESERVACION DO AMBIENTE E CONVIVENCIA COAS NORMAS DE TRÁFICO

Todas as probas disputaranse en entornos naturais, moitos deles protexidos. Prégase a todos os participantes que depositen os desperdicios nos puntos de recollida de lixo habilitados pola organización a continuación dos avituallamentos e na liña de meta.

ESTA TOTALMENTE PROHIBIDO SAIR CON ENVASES FORA DAS ZONAS HABILITADAS DE AVASTECEMENTO, PENALIZADO COA DESCUALIFICACIÓN DA PROBA.

O MONTE E DE TODOS. DEPENDE DE NÓS COIDALO

REGULACIÓN DO TRÁFICO NAS PROBAS: Aínda que en todas as probas do circuito tratarase desde a organización de telas pechadas ao tráfico, haberá probas nas que nalgún punto dos percorridos os atletas deban "convivir" cos posibles vehículos que transiten polos mesmos, polo cal SEMPRE TERAN QUE RESPECTAR AS NORMAS DE TRÁFICO E A CIRCULACIÓN POLA BEIRAVÍA DAS ESTRADAS QUE POIDAN CRUZAR.

ARTIGO 3. AGASALLO FINAL

Aínda que en cada proba darase un agasallo organizativo, todos os corredores que completen a participación en 5 probas do circuito, recibirán un agasallo personalizado de TRAIL GALAICA.



REGULAMENTO XERAL CIRCUITO TRAIL GALAICA 201

ARTIGO 3. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

(Carreiras en semiautosuficiencia) Inda dispoñendo de avituallamentos onde a organización o considera necesario, os corredores deberán ter a previsión **OBRIGATORIA** de levar os accesorios necesarios para completar as provisións de líquido e sólido entre as distancias dos avituallamentos.

A ORGANIZACIÓN NON FACILITARÁ BOTELLÍNS DE LÍQUIDO NOS AVITUALLAMENTOS. PORÁ A DISPOSICIÓN DOS CORREDORES GARRAFAS DE LÍQUIDO CON AUGA E BEBIDA ISOTÓNICA E VASOS DE PRÁSTICO QUE TERÁN QUE SER DEPOSITADOS NO LUGAR DE XEITO OBRIGATORIO.

No caso de abandonar, o corredor está obrigado a notificalo a organización ou facelo no avituallamento máis cercano ou a través dos teléfonos facilitados pola organización.

Cada participante e responsable da veracidade dos datos proporcionados á organización, esos datos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de Trail Galaica. O titular tendrá dereito de modificación, rectificación ou cancelación dos mesmos nos termos previstos pola Ley Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro da protección de Datos de carácter Persoal.

O non coñecemento ou lectura deste reglamento non exime do seu cumprimento.

ARTIGO 3. DESCUALIFICACIÓNS

Serán descalificados todos aqueles que:

- Non realicen o percorrido completo.
- Falsifiquen datos persoais á hora de inscribirse nas probas.
- Retirar ou ocultar balizas de sinalización ou demais obxectos informativos.
- Actitudes antideportivas no percurso da proba.
- Depositen lixo nos puntos non habilitados pola organización

Todo participante o formalizar a súa inscrición, autoriza a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenrolo da proba, listaxes de inscritos, así como o envío de información relativas o circuito e probas, incluído próximas edicións.

Igualmente permite a utilización das imaxes recabadas, en formato fotográfico ou de vídeo para publicación de carácter informativo ou promocional dos eventos.